

Advertido erro na Resolución Reitoral do 11 de maio de 2021 pola que se publica o **PROGRAMA PILOTO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL INVESTIGADOR DISTINGUIDO – CONVOCATORIA 2021-** no punto 2.b) das bases da Convocatoria , **onde di:**

b) A contratación do persoal investigador distinguido vinculado a centros singulares financiarase con cargo ás partidas de gasto deses centros. A duración máxima dos contratos será de catro anos e as retribucións básicas brutas, compostas por soldo base e complemento de categoría, serán de 29.039,38 € máis custos sociais na modalidade Manuela Barreiro e de 35.831,31 € na modalidade Sergio Vidal, sen prexuízo dos complementos retributivos que se poidan engadir, se ó caso, e das actualizacións retributivas que procedan nas seguintes anualidades”..

Debe dicir:

“b) A contratación do persoal investigador distinguido vinculado a centros singulares imputaranse con cargo ás seguintes partidas de gasto destes centros:

CITIUS: 2005.2000.64000

CIQUS: 2002-2000-64000

IGFAE: 2010.7N07.64100; 2010.H4KE.64100; 2010.7G17.64100 e a que se cree como consecuencia da concesión da Axuda Centros de Excelencia Severo Ochoa” e de “Unidades de Excelencia María de Maeztu)

CIMUS: 2003. 7N04.64100

Os contratos do persoal, polo tanto, contratado ao abeiro desta Convocatoria para prestar servizos no CITIUS, serán cofinanciados polo proxecto NANOVR: "Nanoscale design using virtual reality" o cal recibiu financiamento do Consello Europeo de Investigación (CEI) no marco do acordo de subvención nº 866559 do programa de investigación e innovación Horizonte 2020 da Unión Europea.



Os contratos do persoal, polo tanto, contratado ao abeiro desta Convocatoria para prestar servizos no CIMUS, serán financiados con cargo ás axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, e conta co financiamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional do Programa operativo de Galicia 2014-2020, nunha porcentaxe do 80%).

Os contratos do persoal, polo tanto, contratado ao abeiro desta Convocatoria para prestar servizos no IGFAE serán financiados con cargo ás seguintes axudas:

- 1. Axudas para a acreditación, estruturación e mellora de centros de investigación do Sistema universitario de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder, da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, e conta co financiamento da Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional do Programa operativo de Galicia 2014-2020, nunha porcentaxe do 80%).*
- 2. Axudas para a consolidación e estruturación de unidades de investigación competitivas e outras accións de fomento nas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG), nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2020*
- 3. Axudas públicas de “Centros de Excelencia Severo Ochoa” e de “Unidades de Excelencia María de Maeztu” del Subprograma Estatal de Fortalecimiento Institucional, en el marco del Programa Estatal de Fomento de la Investigación Científica y Técnica de Excelencia del Plan Estatal de Investigación Científica y Técnica y de Innovación 2017-2020, con fondos procedentes de la Agencia Estatal de Investigación (AEI).*





Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da Xurisdición contencioso-administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 11 de agosto de 2021

El rector de la Universidade de Santiago de Compostela

Antonio López Díaz

(Documento asinado electronicamente)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
11/08/2021 11:18:14.

CSV: 6403-901B-4046-BAE0